

TOUR DEL TALENTO 2023

2 AO 7 DE MAIO

RETO DEL TOUR Convocatoria para IES CIFP e mocidade

Inscripción ata o
**19
abril**

Colabora



RETO DO TOUR

"Lugo, a cidade que imaxinas e na que queres vivir"

1ª Fase: Presentación de proxectos en cada un dos Centros de Formación:

- » Selección da mellor proposta en cada un dos centros.
- » Actos preparatorios para a final no CEI-NODUS

2ª Fase: Final, se desenvolverá dentro das actividades do **Tour do Talento** na carpa central, que se celebrará na primeira semana de maio.

OBXECTIVOS

- » Difundir a cultura emprendedora.
- » Espertar inquietudes emprendedoras e participativas.
- » Descubrir líderes naturais que poidan liderar iniciativas xuvenís.
- » Mostrar o talento e as capacidades dos mozos.
- » Motivar a participación da mocidade na sociedade local en todos os niveis, social, político, laboral, económico...

RETO

"Lugo, a cidade que imaxinas e na que queres vivir"

En qué consiste o Reto?

Na presentación dun proxecto, que teña por obxecto, mellorar a vida das persoas na cidade de Lugo, crear unha sociedade máis participativa, deseñar o modelo de cidade no que se quere vivir e fomentar o emprendemento xuvenil.

O formato de presentación será oral seguindo a técnica de presentación **PechaKucha®** (ver bases)

Quen pode participar?

O alumnado de **IES** e **CIFP** e outros menores 35 anos.

PREMIO

3 Iphone 14 (un por participante) + diploma recoñecemento para o centro.

BASES

1) Obxecto das bases

O Reto representa unha oportunidade para que a mocidade lucense, (mocidade de 14 a 35 anos) presenten **ideas innovadoras** que poidan **mellorar a vida das persoas e deseñar, imaxinar ou mellorar a cidade** (circunscrición á cidade de Lugo) na que lles gustaría vivir. As **temáticas serán libres** en calquera ámbito, desenvolvemento local e/o económico, mobilidade, urbanismo, medioambiente, sustentabilidade, economía circular, vivenda, emprego, lecer, mocidade, deportes, tecnoloxía, emprendemento, innovación, conectividade...

2) Participación

A participación nesta convocatoria é **voluntaria e gratuíta**. Non se admitirá máis dun proxecto grupo e unha persoa non pode participar en máis dun grupo.

Poderán participar as ideas ou proxectos presentadas por grupos formados por:

- a) IES e CIFP:** 3 alumnos/as máis 1 profesor/a para os centros educativos. (Un profesor pode acompañar a varios equipos do mesmo centro).
- b) Mocidade:** 3 persoas que cumpran o parámetro da idade pero non estean incluídos no grupo anterior.

Para participar:

2.1) As persoas interesadas deberán enviar correo electrónico a tourdeltalento2023@gmail.com que inclúa:

- Nome do proxecto
- Número de teléfono e enderezo electrónico de contacto
- Presentación con información do proxecto. A información deberá enviarse en formato PDF. Deberá conter alomenos os seguintes apartados:
 - » Equipo
 - » Introducción
 - » Problema detectado
 - » Solución
 - » Medios necesarios para conseguirlo

Prazo: Ata as **13:00** horas do **19 de abril de 2023**.

2.2) A simple participación no **Reto** implica a aceptación íntegra dos termos e condicións establecidas nas presentes bases e a aceptación expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a organización.

Toda a documentación e candidaturas que se presenten fóra da canle establecida ou con posterioridade ao prazo de finalización da convocatoria, quedarán excluídos da participación.

3) Desenvolvemento da actividade

No caso do grupo a) IES e CIFP. Cada centro seleccionará un semifinalista que levará á gran final.

No grupo b) equipo mocidade: Un xurado designado pola organización do Tour del Talento seleccionará o grupo semifinalista.

O **20 de abril** realizárase un **obradoiro-formativo** cos/as participantes no **Reto** co obxecto de mellorar e optimizar os proxectos para a final que se desenvolverá na semana do Tour del Talento 2023 en Lugo.

TOUR DEL TALENTO 2023

O día **28 de abril** os centros participantes deberán remitir os seus finalistas antes das 14:00 horas. No caso do grupo b), as semifinais serán no CEI NODUS de 10:00 a 14:00 horas. Ese mesmo día ás 17:00 horas farase pública na web e redes sociais do Concello de Lugo e as canles de comunicación específicos establecidos para seu efecto. A **selección será inapelable**.

4) Presentación do proxecto

A presentación será **oral** seguindo a técnica de presentación **PechaKucha®** consiste en 20 diapositivas que pasan automaticamente cada 20 segundos nun tempo de 6:40 minutos. Será obrigatorio que participen os 3 membros do equipo de forma coordinada, con posibilidade de quendas de preguntas por parte do xurado.

Para participar é obrigatorio que:

- Os contidos estean en **lingua galega ou castelá**.
- Sexa unha **exposición presencial**, que poderá ser apoiada por materiais audiovisuais, prototipos ou outro material físico que necesiten.
- Os **contidos axustaranse ás presentes normas**: en especial que non afecten ao dereito a honra, á intimidade persoal e familiar, á propia imaxe, respecto á dignidade das persoas, ao principio de non discriminación por motivos de raza, sexo, relixión, opinión, nacionalidade, discapacidade ou calquera outra circunstancia persoal ou social, así como outros principios que poidan ser vulnerados.

A organización establecerá a orde de intervención na fase final que se desenvolverá na semana do Tour del Talento 2023 (2 ao 7 de maio).

O equipo accederá á hora asignada á zona habilitada para iso, identificaranse ante o responsable designado pola organización e procederá a realizar a exposición.

As **participacións poderán ser difundidas polos medios de comunicación** habilitados para iso e no formato que a organización do Tour del Talento 2023 considere máis apropiado.

5) Fallo do xurado e proclamación de persoas gañadoras

Unha vez concluída a fase de presentación de proxectos, o xurado designado (nomeado polos organizadores) seleccionará, de entre as propostas presentadas, aquela que, segundo o seu criterio, se corresponda co obxectivo desta acción e para cuxa deliberación se basearán nos seguintes criterios:

Presentación ata 40 puntos

- **Recursos empregados** (presentacións, prototipos, materiais...): **1-10 puntos**.
- **Comunicación** (Forma de expresar e comunicar, claridade e entusiasmo da mensaxe transmitida): **1-10 puntos**.
- **Contido** (estrutura do **PechaKucha®**): **1-10 puntos**.
- **Orixinalidade**: Espectacularidade, intensidade, paixón. Captación e retención da atención: **1-10 puntos**.

Idea ata 60 puntos

- **Investigación previa e observación dunha necesidade real**: **1-10 puntos**.
- **Innovación na resolución da proposta**: **1-10 puntos**.
- **Madurez da idea**: **1-10 puntos**.
- **Viabilidade**: **1-10 puntos**.
- **Equipo**: **1-10 puntos**.
- **Temática aliñada cos ODS (Axenda 2030) e que comprometa á mocidade na súa execución**: **1-10 puntos**.

6) Premios

Premio tecnolóxico: **3 Iphone 14** (un por participante) + diploma recoñecemento para o instituto ou entidade

7) Aceptación das bases

Todas as persoas participantes, polo mero feito de participar no Reto, deberán coñecer e aceptar integramente as presentes bases. Todos/as os/as participantes renuncian de forma expresa a efectuar impugnación algunha sobre os termos contemplados nas mesmas.

Calquera situación non resolta nestas bases será exposta directamente aos organizadores da actividade, os cales ditaminarán a solución á incidencia exposta, que en todo momento será vinculante ás bases establecidas e que será comunicada por escrito ao participante afectado.

Todas as consultas realizaranse a través do correo tourdeltalento2023@gmail.com

8) Dereitos

As persoas participantes autorizan á organización para publicitar todo o relativo á súa participación e especialmente relacionado co proxecto presentado. Os contidos que se utilicen na actividade son públicos na mesma medida que o resto de contidos do Tour del Talento 2023. Así mesmo, consenten automaticamente, a participar na presente actividade, a utilización, publicación e reprodución en todo o mundo e sen limitación, por parte da organización, do seu nome, nick e imaxe, en calquera tipo de publicidade, promoción, publicación, incluída Internet ou calquera outro medio da natureza que sexa, con fins informativos sempre que estes se relacionen coa presente actividade, sen dereito a reembolso de ningún tipo para as persoas participantes e sen necesidade de aboar ningunha cantidade para o efecto.

Estas **conservarán os dereitos de propiedade intelectual e os dereitos de imaxe**, declarando que a súa difusión e/a reprodución non lesiona nin prexudica a terceiros. Os/as participantes que infrinxan a lexislación vixente e causen danos a terceiros serán os responsables ante calquera reclamación polos danos e prexuízos nos que puidesen incurrir.

9) Exclusión de Responsabilidades

A **organización non se responsabiliza polos danos e prexuízos** de calquera natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do sistema mediante o cal se participa na actividade ou que este non responda as expectativas que cada participante puxese na mesma e, en particular, aínda que non de modo exclusivo, aos fallos no acceso á páxina ou ao envío de respostas a través de Internet.

10) Exclusión de participantes

A organización poderá, á súa enteira discreción e en calquera momento, **excluir a calquera** participante rexistrado na actividade, cando por calquera motivo a súa intervención non sexa apropiada ou axeitada, ou pola

vulneración por parte do participante de calquera das **normas** recollidas no presente documento.

11) Reserva de Dereitos da Organización

En caso de erro, malentendido ou conflito en relación ao funcionamento de calquera parte das actividades exposta, a decisión que tome a organización será concluínte e definitiva.

No caso de que o desenvolvemento desta actividade se vexa afectada por situacións de tipo fortuíto ou forza maior ou non se poidan levar a cabo por motivo de incumprimento presente, previsible ou suposto de calquera norma ou lei aplicable para o efecto, a organización poderá cancelar todo ou parte da mesma sen que os participantes poidan formular reclamación algunha por iso.

A organización resérvase o dereito para modificar estas bases en calquera momento.

A participación en promocións subseguintes ás mencionadas modificacións rexeranse polas novas bases e os cambios introducidos nelas, que serán convenientemente publicadas nos medios referidos para o efecto, especialmente web e RRSS.

Igualmente informará de calquera incidencia que se puidese producir e que afecte ao normal desenvolvemento do Reto.

A organización resérvase o dereito para dar de baixa automaticamente a calquera participante que defraude ou altere o transcurso normal da actividade ou realice prácticas impropias no seu propio beneficio, en detrimento de terceiros.

12) Protección de datos

Para os efectos do previsto na Lei Orgánica de Protección de Datos de carácter persoal en vigor, e a súa normativa de desenvolvemento, a organización informa aos/ás participantes da existencia dun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal da súa titularidade e debidamente inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, coa finalidade de xestionar a actividade.

Os/as participantes poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ao tratamento dos seus datos persoais, dirixindo unha comunicación a tourdeltalento2023@gmail.com

Salvo indicación en contra, os/as participante autoriza expresamente o uso e conservación dos referidos datos pola organización para usos promocionais e de difusión do presente Reto e do resto de actividades encadradas no Circuito del Talento 2023.

13) Nulidade das cláusulas

Se calquera cláusula das presentes bases fose declarada, total ou parcialmente nula ou ineficaz, tal nulidade ou ineficacia afectará tan só á devandita disposición ou parte da mesma que resulte nula ou ineficaz, subsistindo en todo o demais o resto de Bases e téndose tal disposición ou parte da mesma que resulte afectada por non posta, salvo que, por resultar esencial ás presentes Bases, houbese de afectalas de forma integral.

14) Foro e tribunais

As presentes Bases interpretaranse e rexeranse de conformidade coa lexislación española. Para calquera cuestión litixiosa derivada da existencia, acceso, utilización ou contido das Bases, tanto os participantes como a Organización, renuncia expresamente a calquera outro foro que puidese corresponderlles, someténdose á xurisdición e competencia exclusiva dos tribunais de Lugo capital.